

REGULAMENTO DA COMISIÓN DE CALIDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Modificado pola Comisión de Calidade 11-07-2019

Aprobado por Consello de Goberno 27-10-2021

O regulamento da Comisión da Calidade da Universidade de Vigo, que se detalla a seguir, pretende definir a composición e funcións dun órgano que contribuirá á implantación da cultura da calidade, e dos sistemas que a apoian, en todos os ámbitos da Universidade de Vigo.

O presente regulamento define a composición, funcións e réxime de sesións desta comisión.

Artigo 1 Natureza Xurídica

A comisión de calidade é a comisión encargada de tratar as cuestións relacionadas coa planificación, desenvolvemento e avaliación da calidade, segundo se establece nos estatutos da Universidade de Vigo. Será nomeada polo reitor, que informará o Consello de Goberno.

Para levar adiante estas funcións, constitúense unha Comisión Académica de Calidade e unha Comisión Técnica de Calidade que dependerán da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo e serán estables no tempo.

A Comisión Académica de Calidade asumirá as cuestións relacionadas coa calidade nos centros, departamentos e nas titulacións de grao, mestrado e doutoramento.

A Comisión Técnica de Calidade asumirá as cuestións relacionadas coa calidade nos servizos e no ámbito da investigación.

Artigo 2 Composición da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo

- O/A reitor/a que actuará como presidente.
- O/A vicerreitor/a con competencias específicas en calidade.
- O/A vicerreitor/a con competencias específicas en organización académica.
- O/A vicerreitor/a con competencias específicas en investigación.
- O/A xerente/a.
- O/A coordinador da Unidade de Análises e Programas.
- O/A director/a da Eido.
- Os responsables dos centros propios da Universidade de Vigo ou persoa en quen deleguen.
- O/A director/a da Área de Calidade que actuará como secretario da comisión.
- Catro representantes das xefaturas dos servizos designados pola xerencia, un/unha deles con competencias en xestión académica.
- Catro técnicos/as da Área de Calidade.
- Tres representantes do alumnado propostos polo/a reitor/a e designados polo consello de goberno.

- Un/Unha representante do PAS proposto polo/a reitor/a e designado polo consello de goberno.
- Dous/Dúas representantes do PDI propostos polo/a reitor/a e designados polo consello de goberno.
- Un/Unha representante da administración dos centros.
- O/A director/a de centros de apoio a investigación.
- Dous/Dúas representantes dos centros de investigación.

Artigo 3 Competencias da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo

- Modificar o seu regulamento que será aprobado polo Consello de Goberno da Universidade.
- Mellorar os aspectos organizativos e funcionais que afecten os procesos de calidade.
- Potenciar as accións de información, transparencia, comunicación e rendición de contas en materia de calidade.
- Facer un seguimento e informar dos resultados dos programas de calidade da Universidade de Vigo e calquera outros resultados asociados á mellora da calidade da Universidade.
- Realizar a concesión do selo de calidade e calquera outros recoñecementos asociados á calidade.
- Nomear aos membros das comisións técnica e académica de calidade de entre as persoas voluntarias.
- Establecer accións institucionais relacionadas coa calidade que xurdan das comisións técnica e académica.

Artigo 4 Composición da Comisión Académica de Calidade.

- O/A vicerreitor/a con competencias en calidade, que a presidirá.
- O/A director/a da Área de Calidade, que actuará como secretario/a.
- Os dous/dúas responsables dos centros propios (por ámbito) ou persoa en quen deleguen.
- O/A director/a da Eido, que poderá delegar no/a coordinador/a de calidade.
- Dos/Dúas técnicos/as da Área de Calidade.
- Os representantes do PDI da Comisión de Calidade.
- Un/Unha dos representantes do alumnado da Comisión de Calidade.
- O/A coordinador/a da Unidade de Análises e Programas.
- O representante de xefaturas de servizos con competencias en xestión académica da Comisión de Calidade.
- O/A representante da administración dos centros da Comisión de Calidade.

Artigo 5 Funcións da Comisión Académica de Calidade

A Comisión Académica de Calidade, será a encargada das cuestións relacionadas coa calidade nos centros, departamentos e nas titulacións de grao, mestrado e doutoramento:

- Informar sobre os procesos e resultados dos programas de calidade relacionados cos centros e titulacións.
- Informar sobre os procesos e resultados dos programas de calidade relacionados coa avaliación do profesorado.
- Informar sobre o desenvolvemento e os resultados dos sistemas de garantía de calidade dos centros.
- Informar das guías ou metodoloxías asociadas ao desenvolvemento e organización dos programas de calidade dos centros e titulacións.
- Propoñer para aprobación os manuais ou metodoloxías dos programas de avaliación do profesorado.

- Elaborar propostas sobre os asuntos do seu ámbito para presentar á Comisión de Calidade.
- Estudar e informar as propostas feitas polos centros e departamentos sobre accións relacionadas coa calidade.

Artigo 6 Composición da Comisión Técnica de Calidade.

- O/A xerente/a, que a presidirá.
- O/A director/a da Área de Calidade, que actuará como secretario.
- O/A vicerreitor/a con competencias en investigación.
- O/A coordinador da Unidade de Análises e Programas.
- Tres representantes das xefaturas dos servizos designados pola xerencia.
- O/A representante da administración dos centros da Comisión de Calidade.
- Dos/Dúas técnicos/as de calidade.
- Un/Unha dos representantes do alumnado da Comisión de Calidade.
- O/A director/a de centros de apoio a investigación.
- Dous/Dúas representantes dos centros de investigación.
- O/A representante do PAS na Comisión de Calidade.

Artigo 7 Funcións da Comisión Técnica de Calidade

A Comisión Técnica de Calidade, será a encargada das cuestións relacionadas coa calidade nos servizos e no ámbito da investigación, incluíndo os laboratorios de investigación:

- Informar sobre os procesos e resultados dos programas de calidade.
- Informar sobre o desenvolvemento e os resultados dos sistemas de xestión de calidade.
- Informar das guías ou metodoloxías asociadas ao desenvolvemento e organización dos programas de calidade.
- Elaborar propostas sobre os asuntos do seu ámbito para presentar á Comisión de Calidade.
- Estudar e informar as propostas feitas polos servizos e centros de investigación sobre accións relacionadas coa calidade.

Artigo 8 Mandato e duración do mandato dos membros da Comisión de Calidade

Os membros elixidos da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo serán nomeados polo reitor por un período máximo de 4 anos, coincidente sempre co mandato daquel.

Os/As representantes de alumnado renovaranse cada dous anos.

Os dous/dúas responsables por cada ámbito dos centros propios, renovaranse cada dous anos.

No caso que un membro elixido da comisión de calidade perda a súa condición de tal, a substitución farase mediante nova designación na seguinte sesión do Consello de Goberno.

Artigo 9 Réxime de sesións da Comisión de Calidade

- A Comisión de Calidade reunirase polo menos unha vez ao ano.
- Será convocada polo seu/súa presidente ou por pedimento de, polo menos, un terzo dos seus membros, neste caso, as persoas que o soliciten deberán indicar tamén o punto ou puntos que desexen tratar na sesión.

- Para quedar constituída deberá estar presente, polo menos, un terzo dos seus membros.
- Redactarase unha acta que faga fe dos asuntos tratados e será aprobada na seguinte reunión.

Artigo 10 Réxime de sesións da Comisión Académica e Técnica de Calidade

- A Comisión Académica e Técnica de Calidade reuniranse polo menos dúas veces ao ano.
- Serán convocadas polo seus/súas presidentes/as ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Neste caso, as persoas que o soliciten deberán indicar tamén o puntos ou puntos que desexen tratar na sesión.
- Para poder desenvolverse as sesións e acadar acordos, deben estar presentes, polo menos, un terzo dos seus membros.
- Redactarase unha acta que faga fe dos asuntos tratados que será aprobada na seguinte sesión ordinaria.

Artigo 11 Réxime de funcionamento das comisións

A Comisión de Calidade da Universidade de Vigo e as outras definidas neste regulamento, poderán formar grupos de traballo para trataren aqueles aspectos que se consideren oportunos. Tamén poderán convidar ás súas sesións, con voz pero sen voto, ás persoas que se determinen cando se traten asuntos específicos.

Os acordos adoptaranse pola maioría simple de votos a favor dunha proposta. As votacións poderán ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alza, ou secretas. Serán secretas cando o solicite algún membro presente da Comisión ou cando afecte nominalmente a persoas.

Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

Disposición adicional

Nas cuestións non previstas neste regulamento a Comisión de Calidade, e as outras definidas neste regulamento, rexeranse polo disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición transitoria

O presente regulamento entrará en vigor co inicio do curso académico 2019/20 e ata ese momento permanece en vigor o regulamento da Comisión de Calidade aprobado no C.G. 02/03/2015 e modificado C.G. 21/12/2015.